



De como un Carboeiro se virou meigo do Nadal

O CASTIÑEIRO DO APALPADOR



UNHA HISTORIA DE HUMOR CON MOITA RETRANCA
(Unha adaptación do CEIP de Ardán)

PERSONAXES

- Apalpador
- Monicreque Narrador
- Inés
- Velliña
- Firulais
- Pepiñ@
- Morte
- Gobernador
- Caveira
- Parca

MONICREQUES:

- Nena monicreque
- Lobo monicreque
- Neno Monicreque
- Vella Monicreque
- Vello Monicreque
- Varios animais monicreques

De como un Carboeiro se virou meigo do Nadal

(Unha adaptación do CEIP de Ardán)

O CASTIÑEIRO DO APALPADOR

ESCENA I

Apalpador: Ola, sabes quen son? (espera resposta do público) E ti sabes que son?

Monicreque Narrador: Si, eres o Apalpador.

Apalpador: Xa, pero eu sempre fun o Carboeiro, por ser fillo, neto, bisneto e tataraneto de carboeiros hai moitos, moitos anos na serra do Courel.

Monicreque Narra: Por iso de pequeno estabas completamente tisonado polo carbón ata que veu a auga da traída e da luz eléctrica.

Apalpador: Claro, porque nós para comer só tiñamos un alimento...pero un gran alimento!

Monicreque Narra: Dime cal é Apalpador?

Apalpador: A ver se sabes Adiviña....Adiviñador!!

(Cantiga "Adiviña, Adiviñador" da rapazada de Educación Infantil)

Apalpador: Iso é! Nos alimentábamnos só coas que daba o castiñeiro da casa. Pola mañá almorzábamos castañas, no xantar castañinas, nas merendas castañolas e para a cea castañas soas.

Monicreque Narra: E non sería nada aburrido, porque as comerías crúas, asadas, cocidas, guisadas, en sopa, en caldo,...

Apalpador: Pois si, e nos días de festa tomabamos castañas con azucre.

Monicreque Narra: Iso chámase marrón glasé.

Apalpador: Si! Agora se me permites vou apañar as castañas do meu castiñeiro, para logo asalas no meu asadeiro.

ESCENA II

(Escoítase a canción de “Inés, Inesiña Inés” rapazada os Humoristas de Ardán)

Inés: Inés, Inés, Inesiña, Inés....Inés, Inés ai que guapiñas es! Moitas castañas caeron esta noite e que boa pinta teñen. Ai que contentiña se vai pór miña nai cando llas leve!
Unha, dúas, tres,...

Apalpador: (Sae co bastón) Inés, Inés, Inesiña, Inés!Ti non sabes que furtando unha castaña e outra castaña fas moi mala maña.

Inés: Di miña nai que a castaña que está no camiño e do veciño.

Apalpador: Pero como estás dentro da miña eira todas as castañas que caen no camino son miñas.

Inés: Ai, si? Pois aí lle quedan! Oxalá pille unha farta delas que lle dean moitos gases e estoupe como unha pelota.

Apalpador: Pero, será posible! (Mentres Inés axexa por detrás).

Inés: (Vai ao asadeiro a roubar castañas) O Carboeiro dixo que as castañas do camiño eran súas, pero do asadeiro non dixo nada, así que llas vou coller todas.

Apalpador: Por fin topei o misto (Cando vai prender lume no asadeiro descobre a falta das castañas)

E as miñas castañas? Onde as van (Ao público) Ah, fostes vós? Nooon?

Que foi Inés? Cando a pille! Inés, Inés, Inesiña, Inés!

ESCENA III

(Vén cantando unha velliña a melodía “Luns,martes...” Hai dos rapaces agochados que estaban escoitándoo todo)

Velliña: Luns, martes, mércores, tres; xoves, venres, sábado, seis...Non, non xa me despistei! Comezo de novo: luns, martes, mércores, tres; xoves, venres, sábado, seis... Ah! Que non consigo lembrarme! Luns, martes, mércores, tres; xoves, venres, sábado, seis...

Apalpador: Domingo, sete!

Velliña: Como di?

Apalpador: Domingo, sete. Onte foi sábado, seis e mañá, luns, oito, polo que hoxe é domingo, sete.

Velliña: Xa pensei que nunca me lembraría...Moitas grazas! Quero recompensarte concendéndoche tres desexos.

Apalpador: Tres desexos?

Velliña: Si, podes pedir o que queiras. Como se queres pedir unha viaxe ao Paraíso.

Apalpador: Unha viaxe ao Paraíso! Nin de broma! Para iso prefiro.....pedir que aos que veñan roubarme as castañas do chan os engula a terra e só poidan desenterrarse co meu permiso.

(Mentres os monicreque repite e fai o que di o Apalpador)

Monicreque narra: Que ricas castañas, vou collelas. Non!! Socorro, a terra me engule.

Velliña: Concedido! Pero non te apures...

Apalpador: E tamén quero pedir que queden pegados nel os que toquen o meu castiñeiro e que só se poidan despegar se eu o autorizo.

Monicreque narra: Que lindo castiñeiro, voulle dar unha gran aperta. Ohhhhh socorro! Non me podo despegar.

Velliña: Concedido! Pero ten calma e pensa ben. Só che queda un terceiro desexo.

Apalpador: Xa sei! Que quede dentro do meu asadeiro quen ande fozando nel e só poida saír se eu lle dou unha licenza.

Monicreque narra: Vou asar unhas castañas neste asadeiro...

Socorro non poido saír de aquí!!

Velliña: Concedido! Estanche concedidos os tres desexos. Pois, ala, agora estamos en paz. Moita sorte! (**Marcha cantando**) Luns, martes, mércores, tres; xoves, venres, sábado, seis... Domingo, sete. Luns, martes, mércores, tres; xoves, venres, sábado, seis... Domingo, sete.

Apalpador: con tanto desexos pedidos, estou ben canso!

(O Apalpador queda durmido)

ESCENA IV

(Os rapaces agochados saen a escena)

Firulais: Pepiño, ai, ai, ai este Apalpador pero que brutiño é!

Pepiñ@: Si!!!Firulais, pero que é o que fixo? Que tres desexos foi pedir!

Firulais: A quen apañe as castañas do chan que o engula a terra.

Pepiñ@: Ai, ai, ai! A quen toque o castiñeiro que quede pegado.

Firulais: Ai, ai, ai! E o do magosto...

Pepiñ@: Podía pedir maior parvada!

Firulais: Quen entre no asadeiro que quede preso dentro...

Pepiño: Ai, ai, ai!Se o pensara, seguro que agora pediría outra cousa...

Firulais: Como o que?

Pepiñ@: Un ano máis de vida para o noso querido Apalpador.

Firulais: E que toda a rapaza do mundo saiba

Pepiñ@/Firulais: Quen é o Apalpador? (o din moi alto cara ao público eponse a durmir co Apalpador)

(Canción da rapazada de 1º e 2º de EP "O Apalpador")

ESCENA V

Morte: (A morte vestida de paisano desperta ao Apalpador) Carboeiro! Carboeiro!

Apalpador: Ola, señor! Estou nun soño? (freta os ollos) Que lle trae por aquí?

Morte: Veño mercarlle unhas castañas. Parécelle?

Apalpador: Non me parece. As castañas non llas vendo, que son a miña mantenza.

Morte: Pois non mas venderás, pero chegou a túa hora. Tes que acompañarme ao alén.

Firulais e Pepiño: (Firulais e Pepiño despertan e berran) Non, ao Apalpador non!

Apalpador: Ao máis máis alá? Sen avisar?

Morte: Ás veces gústame sorprenderte.

Firulais: Pero se ten que apañar as castañas?

Morte: Pois que as apañen outros!

Apalpador: Apaño estas e xa me vou.

Morte: Vamos! Non hai tempo que perder.

Pepiño: Pero, tes tanta prisa de que marche?

Morte: No outono teño moito traballo. Cando comezan a caer as follas...

Apalpador: Dáme moita rabia deixalas aquí!

Firulais: Así, que como non botes unha man!!

Morte: Está ben! Apañamos todas estas e as de alá e marchamos. De acordo?

Apalpador: Moi ben!

(Marchan camiñando e escoitase unha **musica de Nadal** ao lonxe)

(Aparecen en escena cos **monicreques**)

Morte: Socorro Apalpador, hai uns animais que me atacan! (Varios animais atácanlle)

Axúdame!!

Apalpador: Agarda, que che boto unha man! Toma! Toma! (Dálle coa pa a Morte)

Morte: Axúdame! Por favor!

Apalpador: Toma e toma! (Continúa dándolle coa pa a Morte).

Morte: Déixate de lerias e sácame estes animais de enriba. Fai o favor!

Apalpador: Só te axudarei se me concedes un ano máis de vida.

Morte: Está ben, concédoche un ano máis de vida!

Apalpador: E a ti, gústache viaxar? Porque...aí vas! (Vólvelle dar coa pa)

Está visto que quen non ten mañas, non come castañas! E agora a vivir!!

ESCENA VI

(Un reloxo marca o paso dos doce meses).

(Despois, entra no alén a Caveira coa gadaña)

Governador: Caveira! Tes que ir á casa do Apalpador. Traémelo desta vez aquí. Pero lembra non apañar as castañas do chan; do contrario volverán eses feroces animais.

(A Caveira diríxese á casa do Apalpador)

Caveira: Ola Apalpador!

Apalpador: Chegas moi cedo! Só pasaron 333 días...

Caveira: Traballo feito non mete apuro!

Apalpador: Si, pero se viñese dentro dun mes podería convidarte a unhas castañas, pero, polo de agora, aínda están todas dentro dos ourizos.

Caveira: Iso non é problema!

Apalpador: Non é problema?

Caveira: Para os que tedes pel si....pero os que somos puro óso...

Apalpador: Pois é verdade! Se vostede apañárame unhas castañiñas para tan longa viaxe como teño que facer...

Caveira: Ha, ha, ha!! Está ben! Tomareino como a túa última vontade.

Ai, Ai, Ai , non me dou despegado do castiñeiro.

Apalpador: Ha, ha, ha! Funcionou! A Morte da gadaña pegada na castaña! A castaña no ourizo, o ourizo no castiñeiro, enganoute un vello carboeiro.

Caveira: Despégame do castiñeiro!

Apalpador: Despégote se me concedes outro ano máis de vida.

Caveira: Esta ben! Demorarei un ano máis, pero non penses que vas saír sempre coa túa.

Apalpador: O que vos dicía: que non ten mañas, non come castañas.

ESCENA VII

(Un reloxo marca o paso dos doce meses).

Cantan e tocan **3º e 4º EP a “Canción dos esqueletos”**

(Despois, entra no alén a Parca coa gadaña)

Governador: Parca! Tes que ir á casa do Apalpador. Traémelo desta vez aquí. Pero lembra non apañar as castañas do chan; do contrario volverán eses feroces animais.

Parca: Ola Apalpador!

Apalpador: Chegas tarde!

Parca: Desculpa, tivemos moito traballo, pero presei que non che importaría.

Apalpador: Puxera unhas castañas a asar para darche a benvida...

Parca: Agradécese o detalle e que non teñas a mal que te veña a buscar.

Apalpador: Si, pero as castañas arrefriaron e agora non vai haber quen as pele.

Parca: Malo será!

Apalpador: Téntao ti, a ver se dás. Eu non dou!

Parca: A ver logo!

(Métese dentro do asadeiro e aínda que forcexa para saír non o consegue)

Apalpador: Vai saíndo de aí que iso non é unha sauna sueca.

Caveira: Ai, ai, ai!

Apalpador: Que che pasa! Saes ou?

Parca: Se puidera!

Apalpador: Funcionou o meigallo! Desta non libras.

Parca: Sácame de aquí! Fago moita falta no mundo! Ti non sabes que son eu?

Apalpador: Sei, sei! Non vou saber! Nin no día do xuízo final. Veciñas, veciños, alegrádevos!
Acabouse a morte!

(Soa a panxoliña **“Ande ,ande a marimorena”**).

ESCENA VIII

(Sae o monicreque narrador a explicar que acontece)

Monicreque narrador: E así pasaron uns cantos anos sen que nada nin ninguén morrese na Terra....

(Saen a escena outros monicreques)

Nena monicreque: Que felices somos!

Lobo: Auuuuh

Un neno monicreque: Si. Que ben nos atopamos!

(Saen da escena e queda so o monicreque narrador)

Monicreque narrador: E pronto se fixo sentir a necesidade da morte, porque como non había renovación, o mundo foise ateigando de seres vellos.

(Saen a escena outros monicreques)

Avoa: Xa me atopo un pouco cansa.

Avó: Eu tamén, hai que procurar unha solución. Que podemos facer?

Avoa: Chamemos ao señor Gobernador

Avoa e avó: Gobernador, gobernador!!!

ESCENA IX

(Saen a escena o Gobernador e o Apalpador preto dos monicreques)

Gobernador: Carboeiro!!!

Apalpador: Señor Gobernador! Que o trae pola miña humilde morada?

Gobernador: Tes que ceibar á Morte.

Apalpador: Ceibar a Morte? Se nunca se viviu máis!!

Gobernador: Pois iso, como non morre ninguén, cada día somos máis!

(Saen a escena moitos monicreques)

Nena monicreque: Aquí xa non cabemos!

Lobo: Auuuuhhh

Un neno monicreque: Cada día somos máis!

Gobernador: Ademais, ao non haber renovación, todo esta vello e decrépito.

(Saen a escena outros monicreques)

Avoa: Ai Manoliño! Cada día atópome máis vella.

Avó: Ai Maruxiña! Eu tamén!

Gobernador: Apalpador, non ves que a xente está enferma e é moi infeliz? Entón?

Apalpador: Non! Eu a Morte non a ceibo. Non é non!

Gobernador: Non serve. Tes que ceibar a Morte.

Apalpador: Déixame consultalo coa assemblea do pública, que fago? Ceibo a Morte ou non?

Asamblea do público e dos monicreques: Non a ceibes!!

Apalpador: Mi madriña, pero este público éche moi radical. Tomarei a miña decisión.

Ei Morte! (**A morte acércase encadeada**) Voute ceibar, pero antes tes que me prometer que non vas vir nunca máis por min.

Morte: Prometo, prometo non chamar por ti nunca xamais.

Apalpador: Así me gusta. Entón es libre!

Morte: Grazas! Dáme unha apertiña!

Apalpador: Aperta, non, se queres unha patada no cu, si que cha dou. (**Dálle e sae do escenario**)

ESCENA X

(Entran en escena Firulais e Pepiño)

Firulais: Apalpador, agora xa es inmortal!

Apalpador: Xa non vou ter que comer castañas para vivir...

Pepiño: Entón, que farás con elas?

(Entra en escena Inés)

Apalpador: Anda por aí a Inés, a ver se as quere.

Inés, toma, agasálloche cunhas castañas do meu magosto.

Inés: Non, chas quero, non chas quero,
castañas do teu magosto.

Non chas quero, non chas quero,
que me cheiran a chamosco.

Apalpador: Oes Inés, que non están tan mal as castañas do castañal.

Firulais: E agora que vas facer?

Pepiño: Iso, que vas facer agora que ninguén as quere. E ti que non as precisas, xa que non tes que comer para vivir.

Apalpador: Ai que aburrido! Vinde comigo, imos a procurar ao Gobernador.

ESCENA XI

(Os tres andan a chamar polo Gobernador)

Firulais, Pepiño e o Apalpador: Señor Gobernador, señor Gobernador!

Gobernador: Que facedes vós por aquí?

Apalpador: Boh! E que abúrrome!

Firulais: Di que non lle pasan os días.

Gobernador: Para o aburrimiento téñoche eu un bo remedio. Toma !Unha bolsa con 365 narices, unha para cada día do ano, para que varíes!!

Apalpador: Está ben, que gracioso!

Pepiño: Pero que fai coas súas castañas? Xa non ten gañas delas nin doutras cousa e ninguén vén apañalas.

Apalpador: Eu prefería morrer a ver como se estragan as castañas todos os anos.

Gobernador: Carboeiro, permanecerás para sempre na terra repartindo castañas entre a rapazada que non ten nada.

Apalpador: E como sei quen ten e quen non ten?

Gobernador: Moi doado! Apálpaslle a barriguiña coa man e quen teña a barriga chea ten e quen a teña baleira non a ten.

Apalpador: Pois non é mala idea. Vou alá! Cumprerei co meu destino errante.

(Saen a escena o monicreque narrador)

Monicreque narrador: Vide logo meus meniños
Vide agora na tardiña,
Que está aquí o Apalpador
a apalpar as barriguiñas.
Hoxe é día de cachela
e haberá gran nevarada,
xa está aquí o Apalpador
cunha chea de castañas.

Firulais: E por iso, ao rematar o outono, sae polo mundo adiante a apalpar as barriguiñas e a repartir castañas entre as nenas e nenos que menos teñen.

Pepiño: E desde esas chámanlle o Apalpador.

Apalpador: Advírtovos que as castañas do Nadal saben ben e parten mal! Deséxovos que cheos e delgados cantedes sempre alegres moitos anos!!!

Tocan o Himno da Alegría Os humoristas de Ardán